



FERROL, 13/10/2015

NOTA DE PRENSA

Ferrol:

Exposición MANUEL RODRIGUEZ LÓPEZ

Colabora: Club de Prensa de Ferrol

O próximo día 13 de outubro, martes, abrirase na sala municipal do ANTIGO HOSPICIO DE FERROL a exposición MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese concello, e que danome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésima edición.

A mostra forma parte do PROXECTO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ emprendido por Galicia Digital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretaría Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Deputación Provincial de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seu percorrido na casa da cultura de Paradela para logo expoñerse en Lugo, Begonte, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona, Madrid, Fundación

Eduardo Pondal de Ponteceso, Biblioteca Anxo Casal de Compostela, Casa das Palabras de Guitiriz e Concello de Meira. O próximo mes de novembro irá á Biblioteca Provincial de Pontevedra.

Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moigráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

A exposición, na que colabora o Club de Prensa de Ferrol e permanecerá na cidade departamental ata finais do mes de outubro, será inaugurada ás 20,00 horas deste martes próximo en acto que presidirá o Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez.

Xulio Xiz

Notas de prensa

Exposición Manuel Rodríguez López en Ferrol

O día 13 de outubro, martes, abreuse na sala municipal do Antigo Hospicio de Ferrol a exposición Manuel Rodríguez López, sobre a vida e obra do escritor de Paradela, fillo predilecto dese concello, e que da nome á Casa municipal de Cultura e a un Certame Literario do que se está a celebrar a vixésima edición.



O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, inaugurou no edificio do antigo Hospicio de Ferrol a exposición coa que se lle rende homenaxe a Manuel Rodríguez López, que chegou a ser considerado o máis insigne poeta obreiro da literatura galega do século XX. A mostra, que se enmarca nas actividades do proxecto que leva o nome do escritor, está promovida por Galicia Dixital e a familia de Rodríguez López coapoio da Consellería de Cultura e Educación, do Concello de Paradela, ademais da Deputación e mailo Concello de Lugo, e a Real Academia Galega, entroutros.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financia e promove diversas iniciativas co fin de renderlle unha homenaxe acorde á trascendencia da obra de quen foi un

dos promotores da Real Academia Galega e que destacou en múltiples facetas como folclorista, filólogo, filósofo, literato e pensador político.

O proxecto Manuel Rodríguez López, iniciado hai tres anos, está conformado por unhapáxina web en galego, catalán, castelán e inglés, diversas publicacións e actividades, ademaisdestamostra itinerante que xapercorreu parte da xeografía galega e mailo Centro Galego de Barcelona. Con el preténdese dar a coñecer a vida e obra deste autor de Paradela, que con moipoucos anos emigrou a Cataluña converténdose no poeta en lingua galega que difundiu o labor dos seus paisanos na comunidadeonde emigraron, constituíndo a ponte entre Galicia e Cataluña e chegando a ser considerado o máissenlleiro da literatura galega do século XX.

A mostra sobre a vida e a obra do poeta poderase visitar no edificio do antigo Hospicio de Ferrol ata finais do mes de outubro. O seguinte destino será, xa en novembro, a biblioteca provincial de Pontevedra.

A mostra forma parte do Proxecto Manuel Rodríguez López emprendido por Galicia Digital e a familia do escritor, coapoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia (Secretarías Xerais de Política Lingüística e de Cultura), a Deputación Provincial de Lugo e a Real Academia Galega.

Esta mostra itinerante comezou o seupercorrido na casa da cultura de Paradela para logo expoñerse en Lugo, Begonte, Portomarín, Sarria, Vilalba, Santiago, A Coruña, Barcelona, Madrid, na Fundación Eduardo Pondal de Ponteceso, na Biblioteca Anxo Casal de Compostela, na Casa das Palabras de Guitiriz e no Concello de Meira. O próximo mes de novembro irá á Biblioteca Provincial de Pontevedra.



Está composta por oitopaneis doubles, nos que se reflicte de xeitomoio gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreirogalego do século XX, que escribiu en Catalunya a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Catalunya, o vínculo perfecto entre Galicia e os galegos emigrantes no País catalán.

A exposición, na que colabora o Club de Prensa de Ferrol e permanecerá na cidade departamental ata finais do mes de outubro, será inaugurada ás 20,00 horas deste martes próximo en acto que presidirá o Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García Gómez.

Fotografías: Man Castro

Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia + XulioXiz, 2015-10-08



Valentín García inaugura a exposición sobre a figura do poeta obreiro Manuel Rodríguez López en Ferrol

Publicado por: [RSS do Portal da Xunta de Galicia](#) in [GALICIA](#)

O secretario xeral de Política Lingüística define ao escritor como ‘un intelectual orgulloso da súa pertenza á cultura galega’

A mostra, que permanecerá aberta ata finais de mes, viaxará posteriormente a Pontevedra

Valentín García inaugura a exposición sobre a figura do poeta obreiro Manuel Rodríguez López en Ferrol

O secretario xeral de Política Lingüística define ao escritor como ‘un intelectual orgulloso da súa pertenza á cultura galega’

A mostra, que permanecerá aberta ata finais de mes, viaxará posteriormente a Pontevedra

Ferrol, 13 de outubro de 2015.-

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, inaugurou onte no edificio do antigo Hospicio de Ferrol a exposición coa que se lle rende homenaxe a Manuel Rodríguez López, que chegou a ser considerado o máis insigne poeta obreiro da literatura galega do século XX. A mostra, que se enmarca nas actividades do proxecto que leva o nome do escritor, está promovida por Galicia Dixital e a familia de Rodríguez López coapoio da Consellería de Cultura e Educación, do Concello de Paradela, ademais da Deputación e mailo Concello de Lugo, e a Real Academia Galega, entroutros.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financia e promove diversas iniciativas co fin de renderlle unha homenaxe acorde á transcendencia da obra de quen foi un

dos promotores da Real Academia Galega e que destacou en múltiples facetas como folclorista, filólogo, filósofo, literato e pensador político.

O proxecto Manuel Rodríguez López, iniciado hai tres anos, está conformado por unha páxina web en galego, catalán, castelán e inglés, diversas publicacións e actividades, ademais desta mostra itinerante que xapercorreu parte da xeografía galega e mailo Centro Galego de Barcelona. Con el preténdese dar a coñecer a vida e obra deste autor de Paradela, que con moipoucos anos emigrou a Cataluña converténdose no poeta en lingua galega que difundiu o labor dos seus paisanos na comunidade onde emigraron, constituíndo a ponte entre Galicia e Cataluña e chegando a ser considerado o máis senlleiro da literatura galega do século XX.

A mostra sobre a vida e a obra do poeta poderase visitar no edificio do antigo Hospicio de Ferrol ata finais do mes de outubro. O seguinte destino será, xa en novembro, a biblioteca provincial de Pontevedra.

Opinión en Galicia

Preséntovos a Manuel Rodríguez López

martes, 20 de outubro de 2015



Quizais algún de vostedesxa o coñezcan, pero como soe ser bastante frecuente ter ao profeta aoteucarán e non decatarse, é por iso que convén poñer en valor a vida e a obra da xente que por diversas razóns colaborou a proxectar a Galicia dende a parcela do traballo que lle correspondeu, como é o caso do autor que hoxe nos ocupa: Manuel Rodríguez López, un home que dende Cataluña sempretivo a Galicia como referencia sendo un cronista de todo o que acontecía aos galegos que foran, coma el, a aqueles lares na procura dun mundo mellor.

Escribiu en prosa e tamén fixo poesía sempre con Galicia e as súas xentes presentes. Como prosista ten un libro moisuxerinte que se titula Viaxes con Anxel Fole que ven de ser un relato das viaxes que fixo o insigne escritor galego a través da nosa xeografía, e como poeta ten varias publicacións case sempre escritas dende abaixo, cunha clara conciencia social.

Neste campo habería que subliñar o seu poemario titulado Soldada Mínima. Malia escribir prosa e poesía tamén abordou a temática da reportaxe e da tradución ao facer un traballo excelente coa obra L'Atlántida do gran poeta catalán Jacinto Verdaguer que segundo Xesús Alonso Montero representa unha páxina admirable neste xénero.

Pois malia todo iso, Manuel Rodríguez López non é suficientemente coñecido na súa terra como sucede con tantos outros, cousa que haberá que considerar como unha débeda pendente con toda esta xente que é merecente de estar na memoria colectiva do pobo ao que dedicaron gran parte do seu traballo.

No caso de Rodríguez López, nado en Paradela (Lugo) no 1934 e falecido no hospital da capital da provincia en febreiro do 1990, un grupo de amigos decidiu abordar o compromiso de dalo a coñecer cunha exposición itinerante sobre a súa vida e a súa obra que estes días temos en Ferrol, no antigo Hospicio e que serve para situar no espazo e no tempo a un home bo e xeneroso que fixo interesantes achegas ás letras galegas dende Barcelona onde traballou como administrativo naquela famosa empresa que facía motocicletas chamadas Ossa.

Era pois, como soe acontecer, un asalariado nunha empresa capitalista e escribiu sobre a problemática obreira con coñecemento de causa, tanto que Méndez Ferrín o cualificou como o poeta obreiro. Un obreiro cualificado, si, e con formación humanística acadada no seminario de Barcelona, un poeta obreiro no que atope certas similitudes con outros que tamén dedicaron a maior parte dos seus traballos á cuestión social, coma por exemplo Celso Emilio Ferreiro que nunha estrofa do seu poema “Fuco Pérez” di: Tes o día tes a noite/ tes os paxaros da ialba/ tes as estrelas do ceo/ tes as rúas e as estradas/ Fuco Pérez Sinsegundo, que che falta?/. E

miren o que expón Rodríguez López no seu poema “Os días da semana”: Domingo, prega os xionllos/ergueunha oración de gracias/que tessaúde e testraballo/ respiras, ollas, soñas... non che basta?



Rodríguez López é tamén un poeta de lembranzas, de estar moipreto da súa aldea, das vivencia infantís, do que sente un galego cando está lonxe da terra. A súa morte prematura, cando apenas contaba 56 anos, truncou quizais unha traxectoria poética que acadaría se cadra un pulo maior. Por todo iso: pola amizade, polo compromiso intelectual, polo que traballou a prol da cultura galega fora de Galicia e por moitas cousas máis polo que os amigos de Paradela e de Lugo trouxeron a Ferrol esta exposición que, en forma de oitopaneisamosa toda unha vida de creación literaria. Se tedes oportunidade de polo Hospicio (1º andar). Paga a pena, abofé.



Rubia, Xoan



FERROL

O Club de Prensa inaugura unha mostra sobre o intenso labor periodístico e vital de Manuel Rodríguez López

“Os pobos de emigrantes, como Galicia, sintense presentes nos longos camiños do mundo. Nas comunidades que axuntan ós fillos na diáspora atópanse sempre persoeiros que levan a elas e manteñen acesa a lumieira do espírito e que aportan, en troque, á terra o mellor de canto lonxe dela poideron enxergar.

O Club de Prensa inaugura unha mostra sobre o intenso labor periodístico e vital de Manuel Rodríguez López

REDACCIÓN FERROL | Actualizado 13 Outubro 2015 - 01:00 h.



O escritor e periodista, á dereita, con Jordi Pujol e Basilio Losada

“Os pobos de emigrantes, como Galicia, sintense presentes nos longos camiños do mundo. Nas comunidades que axuntanósfillos na diáspora atópanse sempre persoeiros que levan a elas e manteñen acesa a lumieira do espírito e que aportan, en troque, á terra o mellor de canto lonxe dela poideron enxergar. Este é, entre tantos, o caso de Manuel Rodríguez López, afervorado cronista da actividade dos galegos en Cataluña e mensaxeiro alá

do noso vivir”. Así falaba Xosé Filgueira Valverde acerca do poeta, periodista e tradutor lucense Manuel Rodríguez López (1934- 1990), significando o seu papel de ponte cultural entre Galicia e Cataluña, como o caso do seu amigo Basilio Losada.

O rescate do seu traballo está na base do “Proxecto Manuel Rodríguez López”, unha iniciativa emprendida por Galicia Digital e a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradela, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo así como a Real Academia Galega.

Exposición itinerante

Trátase dunha mostra itinerante que, grazas á colaboración do Club de Prensa, poderá verse desde hoxe en Ferrol. A iniciativa inaugúrase ás 20.00 horas no Centro Cultural Torrente Ballester coa presenza do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e permanecerá na cidade ata finais deste mes. A mostra comezou o seu percorrido na Casa da Cultura de Paradela para logo viaxar por toda Galicia, Barcelona e Madrid. Está composta por oito paneis de dobre tamaño, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e foi, ademais, un grande animador das actividades galegas en Cataluña, o vínculo entre Galicia e os galegos emigrantes no país catalán. O seu traballo xornalístico inclúe o ser correspondente de varios xornais galegos en Cataluña, entre eles El Ideal Gallego, e un variado labor asinado moito do conome de “Oreste”, así como en Radio Nacional ou en

Radio Popular de Lugo.

Fillo de emigrantes, residiu na emigración en Barcelona desde os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo.

Fixo estudos de humanidades e filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de contabilidade e lexislación laboral. Foi xefe administrativo dunha empresa siderometalúrxica, ata o peche da mesma en 1984. Pero o seu traballo é lembrado no mundo literario, singularmente a poesía, que publicou a partir de 1968 logrando diversos premios e caracterizada por un forte contido social. Na prosa destaca o seu libro de conversas co escritor Ánxel Fole e as obras sobre a relación dos galegos con Cataluña. Asemade, cantantes como Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González ou M^a Carmen Otero musicaron e cantaron varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Recordo vivo

Na actualidade leva o seu nome o centro cultural de Paradela, desde hai anos celébrase un premio literario, en prosa e poesía, que recorda a súa figura e na internet pode consultarse unha completísima páxina que lembra o seu labor e os proxectos ao redor da súa obra. Un deles é esta mostra itinerante que desde hoxe pode verse en Ferrol e que segue a percorrer toda Galicia.

O Club de Prensa inaugura unha mostra sobre o intenso labor periodístico e vital de Manuel Rodríguez López

O secretario xeral de Política Lingüística achegárase hoxe á exposición no Torrente Ballester

REDACCIÓN FERROL

“Os pobos de emigrantes, como Galicia, sintense presentes nos longos camiños do mundo. Nas comunidades que axuntan ós fillos na diáspora atópanse sempre persoeiros que levan a elas e manteñen acesa a lumieira do espírito e que aportan, en troque, á terra o mellor de canto lonxe dela poideron enxergar. Este é, entre tantos, o caso de Manuel Rodríguez López, afervorado cronista da actividade dos galegos en Cataluña e mensaxeiro alá do noso vivir”. Así falaba Xosé Filgueira Valverde acerca do poeta, periodista e tradutor lucense Manuel Rodríguez López (1934-1990), significando o seu papel de ponte cultural entre Galicia e Cataluña, como o caso do seu amigo Basilio Losada.

O rescate do seu traballo está na base do “Proxecto Manuel Rodríguez López”, unha iniciativa emprendida por Galicia Digital e

a familia do escritor, co apoio do Concello de Paradelá, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo así como a Real Academia Galega.

EXPOSICIÓN ITINERANTE

Trátase dunha mostra itinerante que, grazas á colaboración do Club de Prensa, poderá verse desde hoxe en Ferrol. A iniciativa inaugúrase ás 20.00 horas no Centro Cultural Torrente Ballester coa presenza do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, e permanecerá na cidade ata finais deste mes. A mostra comezou o seu percorrido na Casa da Cultura de Paradelá para logo viaxar por toda Galicia, Barcelona e Madrid. Está composta por oito paneis dobres, nos que se reflicte de xeito moi gráfico a vida e obra do escritor paradelense, considerado o mellor poeta obreiro galego do século XX, que escribiu en Cataluña a maior parte da súa obra, e foi, ademais dun grande animador das actividades galegas en Cataluña, o vínculo entre Galicia e os galegos emigrantes no país catalán.

O seu traballo xornalístico inclúe o ser correspondente de varios xornais galegos en Cataluña, entre eles El Ideal Gallego, e

un variado labor asinado moito del co nome de “Oreste”, así como en Radio Nacional ou en Radio Popular de Lugo.

Fillo de emigrantes, residiu na emigración en Barcelona desde os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo. Fixo estudos de humanidades e filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de contabilidade e lexislación laboral. Foi xefe administrativo dunha empresa siderometalúrxica, ata o peche da mesma en 1984. Pero o seu traballo é lembrado no mundo literario, singularmente a poesía, que publicou a partir de 1968 logrando diversos premios e caracterizada por un forte contido social. Na prosa destaca o seu libro de conversas co escritor Ánxel Fole e as obras sobre a relación dos galegos con Cataluña. Asemade, cantantes como Suso Vaamonde, Xerardo Moscoso, Alfredo González ou M^a Carmen Otero musicaron e cantaron varios dos seus poemas en numerosos recitais.

RECORDO VIVO

Na actualidade leva o seu nome o centro cultural de Paradelá, desde hai anos celébrase un premio literario, en prosa e poesía,



O escritor e periodista, á dereita, con Jordi Pujol e Basilio Losada



Unha entrevista con Torrente Ballester no ano 1982

que recorda a súa figura e na internet pode consultarse unha completísima páxina que lembra o seu labor e os proxectos ao re-

dor da súa obra. Un deles é esta mostra itinerante que desde hoxe pode verse en Ferrol e que segue a percorrer toda Galicia. ■

Paradela

Abre hoy en Ferrol una muestra sobre Manuel Rodríguez

La exposición sobre la vida y obra del poeta de Paradela Manuel Rodríguez López se podrá visitar desde hoy en el antiguo Hospicio de Ferrol, donde permanecerá hasta finales de este mes. Será inaugurada a las 20.00 horas en un acto que presidirá el secretario xeral de Política Lingüística de la Xunta de Galicia, Valentín García. La muestra, compuesta por ocho paneles, se trasladará en noviembre a la biblioteca provincial de Pontevedra.

--INFORMACIÓN EMBARGADA ATA AS 20.30 HORAS--

VALENTÍN GARCÍA INAUGURA A EXPOSICIÓN SOBRE A FIGURA DO POETA OBREIRO MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ EN FERROL

- *O secretario xeral de Política Lingüística define ao escritor como ‘un intelectual orgulloso da súa pertenza á cultura galega’*
- *A mostra, que permanecerá aberta ata finais de mes, viaxará posteriormente a Pontevedra*

Ferrol, 13 de outubro de 2015.- O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, inaugurou onte no edificio do antigo Hospicio de Ferrol a exposición coa que se lle rende homenaxe a Manuel Rodríguez López, que chegou a ser considerado o máis insigne poeta obreiro da literatura galega do século XX. A mostra, que se enmarca nas actividades do proxecto que leva o nome do escritor, está promovida por Galicia Dixital e a familia de Rodríguez López coapoio da Consellería de Cultura e Educación, do Concello de Paradela, ademais da Deputación e mailo Concello de Lugo, e a Real Academia Galega, entoutros.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria financia e promove diversas iniciativas co fin de

renderlle un homenaxe acorde á trascendencia da obra de quen foi un dos promotores da Real Academia Galega e que destacou en múltiples facetas como folclorista, filólogo, filósofo, literato e pensador político.

O proxecto Manuel Rodríguez López, iniciado hai tres anos, está conformado por unha páxina web en galego, catalán, castelán e inglés, diversas publicacións e actividades, ademais desta mostra itinerante que xapercorreu parte da xeografía galega e mailo Centro Galego de Barcelona. Con el preténdese dar a coñecer a vida e obra deste autor de Paradela, que con moipoucos anos emigrou a Cataluña converténdose no poeta en lingua galega que difundiu o labor dos seus paisanos na comunidade onde emigraron, constituíndo a ponte entre Galicia e Cataluña e chegando a ser considerado o máis senlleiro da literatura galega do século XX.

A mostra sobre a vida e a obra do poeta poderase visitar no edificio do antigo Hospicio de Ferrol ata finais do mes de outubro. O seguinte destino será, xa en novembro, a biblioteca provincial de Pontevedra.

SAÚDOS,

GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela
981 957 350 / 981 544 490 - Fax: 981 544 496
Enderezo-e: prensa.cultura.educacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



MOSTRA SOBRE O POETA E PERIODISTA MANUEL RODRÍGUEZ

O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, inaugurou onte no antigo Hospicio a variada exposición itinerante sobre o xornalista e poeta lucense Manuel Rodríguez López e a súa relación con Cataluña e Galicia. A mostra poderá verse durante todo o mes. O Club de Prensa de Ferrol organizou o evento. FOTO: J.MEIS

DF, 14. oct. 15

Inauguración da Exposición Itinerante en Ferrol (Outubro 2015)

